

e) Non existir contra o interesado unha resolución de expulsión vixente, nin encontrarse incurso en causa de expulsión ou prohibición de entrada en España, establecida no Real decreto 239/2000, e que se recolla como tal na Lei orgánica 4/2000, modificada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, nin ter proceso xudicial penal en curso, salvo que o interesado acredite o arquivo definitivo da causa xudicial ou o sobresemento libre das actuacións.

2. Os nacionais de terceiros Estados que sexan familiares de residentes comunitarios ou de españois incluídos no artigo 2 do Real decreto 766/1992, do 26 de xuño, sobre entrada e permanencia en España de nacionais de Estados membros da Unión Europea e outros Estados parte no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, modificado polo Real decreto 737/1995, do 5 de maio, e polo Real decreto 1710/1997, do 14 de novembro, poderán ser documentados cunha tarxeta de residencia en réxime comunitario, sempre que reúnan os requisitos previstos no punto anterior. En relación co feito de encontrárense incursos nalgunha causa de expulsión ou prohibición de entrada será de aplicación o réxime previsto no artigo 15 do Real decreto 766/1992.

Artigo 2. *Reexame de solicitudes.*

1. Os órganos administrativos competentes en virtude do disposto no artigo 4 do Real decreto 239/2000 procederán de oficio a reexaminar todas aquelas solicitudes ás que se refire o artigo 1 do presente real decreto sobre as que fosen ou vaian ser denegadas por incumprilo requisito de encontrarse en España antes do 1 de xuño de 1999.

2. Poderá requirírselle, con carácter excepcional, ó interesado a achega da documentación que sexa imprescindible para a verificación do cumprimento dos requisitos previstos no artigo 1.

3. Se se acreditase reuni-los requisitos previstos no artigo 1 do presente real decreto, procederase á revogación da resolución desestimatoria dictada de acordo co Real decreto 239/2000, de conformidade co previsto no artigo 105 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na redacción dada a este pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, procedendo a dictar nova resolución pola que se conceda permiso de traballo e residencia, permiso de residencia ou tarxeta de residencia en réxime comunitario.

4. Aqueles expedientes que se encontren en trámite na data de entrada en vigor do presente real decreto nos que estea acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Real decreto 239/2000, salvo o de encontrarse en España antes do 1 de xuño de 1999, serán resolto favorablemente de acordo co establecido neste real decreto.

5. Nos supostos incluídos neste artigo nos que unha resolución denegatoria contra a que o interesado recorre previamente, en lugar de proceder á súa revogación, resolverase favorablemente o recurso administrativo interposto.

Artigo 3. *Prazo de reexame.*

As solicitudes denegadas a que se refire o presente real decreto deberán ser reexaminadas no prazo máis breve posible, en prol dos principios de seguridade xurídica e eficacia administrativa, debendo concluí-lo proceso, como máximo, en tres meses a partir da súa data de entrada en vigor.

Artigo 4. *Seguimento do proceso.*

A Comisión Interministerial de Estranxeiría coordinará o seguimento das actuacións relativas ó proceso, disporá a dotación necesaria de medios ós órganos administrativos de tramitación e levará a cabo as actuacións pertinentes para poder obter información puntual estatística sobre o proceso.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Os titulares dos órganos competentes dos ministerios afectados adoptarán as medidas e dictarán as instrucións necesarias para a execución e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor dez días despois ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de febreiro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

MINISTERIO DE FOMENTO

3492 *REAL DECRETO 114/2001, do 9 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento xeral de estradas, aprobado polo Real decreto 1812/1994, do 2 de setembro. («BOE» 45, do 21-2-2001.)*

O Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia de mercados de bens e servizos, establece unha serie de medidas para o fomento da liberalización dos mercados enerxéticos e, entre eles, o de hidrocarburos líquidos, co obxecto de favorecer a competencia mediante o aumento dos puntos de distribución e venda dos devanditos produtos.

Polo que se refire ás estacións de subministración de promoción privada situadas nas estradas da rede estatal, non existe na actualidade ningún tipo de restriccións ó libre establecemento por razón de distancias mínimas que deban cumprirse entre instalacións contiguas, desde que se produciu a extinción do antigo monopolio de petróleos e se levou a cabo o oportuno proceso de liberalización do sector. Non obstante, e polo que se refire a áreas de servizo, o Regulamento xeral de estradas, aprobado polo Real decreto 1812/1994, do 2 de setembro, no seu artigo 58, establece determinadas distancias mínimas entre os devanditos elementos funcionais da estrada, que habitualmente inclúen instalacións de subministración de carburantes, e que parece oportuno revisar, en coherencia cos propósitos enunciados na exposición de motivos do indicado Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de febreiro de 2001,

DISPÓÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral de estradas, aprobado polo Real decreto 1812/1994, do 2 de setembro.*

O artigo 58 do Regulamento xeral de estradas queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 58. *Distancias.*

Non existirá ningunha limitación de distancias entre áreas de servizo de estradas, imposta por razóns distintas a aquelas que deriven de consideracións de seguridade vial ou da correcta explotación da estrada.»

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Fomento para dictar as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de febreiro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,

FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

XEFATURA DO ESTADO

3663 *CORRECCIÓN de erros da Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, de reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. («BOE» 47, do 23-2-2001.)*

Advertidos erros no texto da Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, de reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 1 en lingua galega, do 15 de xaneiro do 2001, procédese a efectuar as oportunas modificacións:

Na páxina 34, segunda columna, artigo primeiro, punto 24 (artigo 31.2), liña décima, onde di: "... artigo 34 ...", debe dicir: "... artigo 36 ...".

Na páxina 35, segunda columna, artigo primeiro, punto 26, encabezamento, onde di: "... artigo 31 ...", debe dicir: "... artigo 40 ...".

Na páxina 35, segunda columna, artigo primeiro, punto 27, encabezamento, onde di: "... artigo 32 ...", debe dicir: "... artigo 31 ...".

Na páxina 36, primeira columna, artigo primeiro, punto 28, encabezamento, onde di: "... artigo 33 ...", debe dicir: "... artigo 32 ...".

Na páxina 36, primeira columna, artigo primeiro, punto 29, encabezamento, onde di: "... artigo 34 ...", debe dicir: "... artigo 33 ...".

Na páxina 36, segunda columna, artigo primeiro, punto 30, encabezamento, onde di: "... artigo 35 ...", debe dicir: "... artigo 34 ...".

Na páxina 36, segunda columna, artigo primeiro, punto 31, encabezamento, onde di: "... artigo 36 ...", debe dicir: "... artigo 35 ...".

Na páxina 36, segunda columna, artigo primeiro, entre os puntos 31 e 32 insírese un novo punto co seguinte contido: "O artigo 36 da Lei orgánica 4/2000 queda sen contido".

Na páxina 36, segunda columna, artigo primeiro, punto 32, encabezamento, onde di: "... artigo 38 ...", debe dicir: "... artigo 37 ...".

Na páxina 37, primeira columna, artigo primeiro, punto 33, encabezamento, onde di: "O artigo 39 queda redactado como segue, pasando a ser 40", debe dicir: "Engádese un novo artigo co número 40, que queda redactado como segue".

Na páxina 37, primeira columna, artigo primeiro, entre os puntos 33 e 34, insírese un novo punto co seguinte contido: "O artigo 38 da Lei orgánica 4/2000 queda sen contido".

Na páxina 37, primeira columna, artigo primeiro, punto 34, encabezamento, onde di: "... artigo 40 ...", debe dicir: "... artigo 39 ...".

Na páxina 38, primeira columna, artigo primeiro, punto 38, encabezamento, onde di: "O artigo 44 queda redactado como segue, pasando a ser 45", debe dicir: "Engádese un novo artigo co número 45, que queda redactado como segue".

Na páxina 38, primeira columna, artigo primeiro, punto 39, encabezamento, onde di: "... artigo 45 ...", debe dicir: "... artigo 44 ...".

Na páxina 38, primeira columna, artigo primeiro, punto 40, encabezamento, onde di: "O artigo 46 queda redactado como segue, pasando a ser 47", debe dicir: "Engádese un novo artigo co número 47, que queda redactado como segue".

Na páxina 38, primeira columna, artigo primeiro, punto 41, encabezamento, onde di: "... artigo 47 ...", debe dicir: "... artigo 45 ...".

Na páxina 38, segunda columna, artigo primeiro, punto 42, encabezamento, onde di: "O artigo 48 queda redactado como segue, pasando a ser 49", debe dicir: "Engádese un novo artigo co número 49, que queda redactado como segue".

Na páxina 38, segunda columna, artigo primeiro, punto 45, encabezamento, onde di: "... artigo 51 ...", debe dicir: "... artigo 48 ...".

Na páxina 39, primeira columna, artigo primeiro, punto 46, encabezamento, onde di: "... artigo 52 ...", debe dicir: "... artigo 49 ...".

Na páxina 39, primeira columna, artigo primeiro, punto 47, encabezamento, onde di: "... artigo 53 ...", debe dicir: "... artigo 50 ...".

Na páxina 39, segunda columna, artigo primeiro, punto 48, encabezamento, onde di: "... artigo 54 ...", debe dicir: "... artigo 51 ...".

Na páxina 40, primeira columna, artigo primeiro, punto 50, encabezamento, onde di: "... artigo 56 ...", debe dicir: "... artigo 53 ...".

Na páxina 40, segunda columna, artigo primeiro, punto 51, encabezamento, onde di: "... artigo 57 ...", debe dicir: "... artigo 54 ...".

Na páxina 41, primeira columna, artigo primeiro, punto 53, encabezamento, onde di: "... artigo 59 ...", debe dicir: "... artigo 56 ...".

Na páxina 41, primeira columna, artigo primeiro, punto 54, encabezamento, onde di: "... artigo 60 ...", debe dicir: "... artigo 57 ...".

Na páxina 41, segunda columna, artigo primeiro, punto 55, encabezamento, onde di: "... artigo 61 ...", debe dicir: "... artigo 58 ...".

Na páxina 41, segunda columna, artigo primeiro, punto 56, encabezamento, onde di: "O artigo 62 queda